

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A APLICACIÓN DE DESCONTOS Á MOCIDADE NO EIDO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Helena de Lucas de Santos, directora xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, en representación da devandita Consellería, actuando por delegación da conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, consonte co establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia en relación coa Orde do 4 de decembro de 2015 de delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos da consellería (DOG 11/12/2015), e

Doutra parte, D. Luís Beraza de Diego, con DNI número 16.063.413-Y e D^a Verónica Vázquez Rodríguez, con DNI número 32.753.492C, en nome e representación da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (no sucesivo, ABANCA), en virtude do establecido nas copias das escrituras de solemnización de acordos e apoderamento entregadas á Administración, outorgadas ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, Francisco Manuel Ordoñez Armán.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para formalizar este acordo, e, para tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia (en diante PTMG) ten como finalidade básica afondar en actuacións que melloren a calidade e a competitividade no transporte público. A aplicación das medidas do Plan requiren dun importante esforzo por parte das administracións asinantes, así como dunha vontade de coordinación que, entre outras actuacións, supoña avances na integración das diferentes redes de transporte público, considerando a Área de Transporte Metropolitano (en diante ATM) como un todo integrado.

De xeito xenérico, as Administracións partícipes pretenden potenciar de forma específica a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

SEGUNDO.- Que un dos eixes de actuación prioritarios do PTMG é o programa de integración tarifaria, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe aos usuarios. O cumprimento deses obxectivos artículase a través da implantación dun sistema tarifario zonal, da introdución de medios de pagamento multimodais (fundamentalmente a Tarxeta Metropolitana de Galicia e outras tarxetas integradas no sistema), e da fixación dunhas tarifas máis baratas, á vez que se bonifica o transbordo e se premia o uso recorrente do transporte.

TERCEIRO.- Que actualmente hai subscritos cinco convenios de colaboración en virtude dos que se constituíron as Áreas de Transporte Metropolitano (en adiante, ATM) da Coruña (convenio do 22 de outubro de 2010), Santiago de Compostela (convenio do 3 de decembro de 2010), Ferrol (convenio do 27 de decembro de 2010), Lugo (convenio do 29 de decembro de 2010) e Vigo (4 de marzo de 2015). Nos devanditos convenios regúlanse os programas básicos sobre os que pivota o PTMG. Dos programas previstos, o programa tarifario é o que está actualmente en vigor nas cinco ATM implantadas e, do mesmo xeito, estanse a desenvolver os traballos para a próxima implantación da ATM de Ourense. Dos referidos convenios, o da ATM de Vigo manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019, e os das ATM da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e Lugo están prorrogados expresamente ata o 31 de decembro de 2017.

Xa que logo, as tarifas vixentes no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia serán aplicables na medida na que estea vixente o Plan.

CUARTO.- Que a política tarifaria aplicada no eido do Plan de Transporte Metropolitano supón unha especialidade respecto do marco tarifario xeral previsto no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta especialidade baséase en que se trata dun programa específico destinado a fomentar o uso do transporte público de viaxeiros en autobús e afecta tanto ás tarifas aplicables ás empresas que prestan os seus servizos no eido do Plan, coma as tarifas aplicables ás persoas usuarias. De feito, a Orde do 6 de marzo de 2008, pola que se regula a revisión das tarifas de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada e de estacións de autobuses de competencia da Xunta de Galicia establece no seu artigo 3 a posibilidade de establecer sistemas tarifarios integrados e de políticas de fomento do transporte público nas ATM que se constitúan. O eixo fundamental sobre o que pivota o programa tarifario é a Tarxeta Metropolitana de Galicia (en diante, TMG), que aspira a converterse en medio de pagamento básico dentro do Plan e á que van asociados os maiores niveis de desconto dentro deste. De feito, todas as bonificacións que se establecen adicionalmente dentro da política tarifaria vixente no Plan se establecen respecto dos pagamentos coa tarxeta.

A xestión económica e a análise da explotación das viaxes realizadas no eido do PTMG realízase a través dunha aplicación informática desenvolvida para o efecto (aplicación SITME) e a través da que se están a xestionar as colectas de viaxes realizadas no eido do PTMG. En conexión coa información que figura no SITME, desenvolveuse por parte da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) unha aplicación web para a xestión de TMG sociais (aplicación SOCIAL). A través desta aplicación poden rexistrarse tarxetas metropolitanas por parte de distintos promotores (públicos ou privados) e asociar as devanditas tarxetas (neste caso as tarxetas son persoais e intransferibles) tarifas específicas.

QUINTO.- Que a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia establece a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude. A transversalidade é definida como a coordinación a nivel sectorial entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e establécese como un dos eixos principais da norma. O Plan Estratéxico da Xuventude de Galicia configúrase no artigo 4 da lei como o principal instrumento para acadar a

devandita transversalidade en materia de xuventude coas consellerías da Xunta de Galicia. Neste marco, cómpre destacar que a Xunta de Galicia ten actualmente en marcha o Plan Estratéxico da Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. Trátase dun documento flexible destinado a ir incorporando novas actuacións que, en cada caso, se adopten a prol da mocidade galega.

SEXTO.- Que con base no compromiso do goberno galego por mellorar a calidade de vida dos nenos e da mocidade na Comunidade Autónoma de Galicia estase a tramitar un proxecto de Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Trátase deste xeito de fomentar a mobilidade e o uso do transporte público colectivo entre a Xente Nova.

SÉTIMO.- Que o 10/04/2008 a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (hoxe Consellería de Infraestruturas e Vivenda) e a entidade Caixa Galicia (actualmente ABANCA) subscribiron un convenio de colaboración que tiña por obxecto regular as relacións entre ambas entidades para evolucionar o sistema de pagamentos de tarifas bonificadas nas áreas de transporte metropolitano, de cara á implantación dunha nova tarxeta, de tecnoloxía dobre interface, que implicaba notables melloras no sistema, como, entre outras, a bonificación dos transbordos, a implantación de perfís sociais ou as tarifas zonais.

Ao dito convenio fixéronselle ademais tres addendas, o 31/12/2008, o 18/12/2009 e o 30/11/2015, a través das cales se actualizou a súa vixencia e se introduciron novas previsións e modificacións en relacións coa expedición de tarxetas.

O convenio subscrito contribuíu de xeito decisivo ao éxito das Áreas de Transporte Metropolitano (ATM) constituídas na nosa comunidade, nas cales se emprega a chamada Tarxeta Metropolitana de Galicia (en adiante, TMG) como sistema de pagamento habitual e bonificado para as persoas usuarias. Deste xeito, debido á ampliación xeográfica do Plan (incorporación da ATM de Vigo, próxima implantación da ATM de Ourense e incorporación de novos concellos) resulta esencial manter un stock suficiente deste tipo de tarxetas no sistema, de maneira que quede atendida a demanda crecente.

Do mesmo xeito, a especial bonificación tarifaria para a Xente Nova, leva consigo a necesidade de identificar externamente a Tarxeta Metropolitana de Galicia, como un instrumento máis de control no seu uso.

OITAVO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, órgano da Administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos e interurbanos e a

implantación de plans de fomento do transporte público. O artigo 19 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (LOTT) prevé a posibilidade de establecemento de tarifas a cargo do usuario máis baixas das que resultarían da aplicación das previsións xerais da Lei, establecéndose un réxime especial de compensación económica ou doutras fórmulas de apoio ás correspondentes empresas por parte das Administracións afectadas ou interesadas.

A Orde do 6 de marzo de 2008, pola que se regula a revisión das tarifas de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada e de estacións de autobuses de competencia da Xunta de Galicia establece no seu artigo 3 a posibilidade de establecer sistemas tarifarios integrados e de políticas de fomento do transporte público nas ATM que se constitúan

NOVENO.- Que ABANCA é unha entidade xurdida en setembro de 2011 (inicialmente co nome de NCG Banco, S.A.) como froito da segregación do negocio bancario de Novacaixagalicia, entidade que á súa vez nacera en decembro de 2010 da fusión entre Caixanova e Caixa Galicia. Deste xeito, ABANCA configúrase como a sucesora da actividade desta última, e subrógase na posición dela nas relacións xurídicas que establecece, entre elas o mencionado Convenio do 10/04/2008.

Trátase da única entidade bancaria que manifestou o seu interese por adaptarse ás condicións esixidas para o funcionamento no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, se ben a posibilidade de participación por parte doutras entidades bancarias que o desexen segue aberta.

De conformidade co exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan a aplicación das bonificacións tarifarias transporte público colectivo respecto da Xente Nova (persoas con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos de idade, inclusive), polo que,

ACORDAN

Asinar este documento, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto:

- a) Establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a aplicación de bonificacións á Xente Nova (persoas con idades comprendidas entre os 4 anos e os 18 anos de idade, inclusive) no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas Áreas de Transporte Metropolitano constituídas e naquelas que se constitúan.
- b) Adquirir 50.000 Tarxetas Metropolitanas de Galicia, para os efectos de garantir a reserva existente para a posta a disposición ao público.
- c) Adquirir 100.000 Tarxetas Metropolitanas de Galicia identificadas como "TMG Xente Nova".

Segunda.- Condicións relativas á adquisición das Tarxetas Metropolitanas de Galicia

1.- Respecto da adquisición de novas Tarxetas Metropolitanas de Galicia para garantir o abastecemento destas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, o custo de adquisición unitario ascende ao importe de 2,952400 €. ABANCA manterá un prezo de venta para as persoas usuarias de dous euros (2 €), de xeito que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda asumirá o custo de tal minoración 0,952400 €, IVE incluído. Este importe aboarase no exercicio 2016 con cargo á aplicación orzamentaria 2016.08.02.512A.470.1, para o que ABANCA deberá certificar e xustificar contablemente a dispoñibilidade das referidas 50.000 tarxetas para a súa expedición ás persoas usuarias, así como o prezo aboado por elas. Esta xustificación presentárase ante a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda non máis tarde do 01/12/2016.

2.- ABANCA obrígase a manter a subministración das tarxetas obxecto deste convenio nos mesmos termos que se recollían no Convenio do 10/04/2008 para as tarxetas anteriores. Así, os compromisos referentes á actualización da documentación técnica da tarxeta e á súa dispoñibilidade ao público manteranse polo tempo que reste para cumprir os dez anos previstos na cláusula oitava do dito convenio, na redacción dada pola addenda do 18/12/2009.

3.- Respecto da compra das Tarxetas Metropolitanas de Galicia Xente Nova, o seu custo de adquisición unitario ascende ao importe de 2,66 €.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda asume o pagamento íntegro da adquisición destas tarxetas, no exercicio 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.08.02.512A.470.1.

4. Respecto de cada titular da tarxeta, a primeira emisión será gratuíta para a persoa usuaria e, ata o 30 de novembro de 2016, ABANCA asume o compromiso de entregar as primeiras 50.000 tarxetas precargadas con un importe de 20 €, precarga que deberá ser aceptada pola persoa usuaria acudindo a calquera dos caixeiros habilitados para a xestión da tarxeta metropolitana de Galicia, para o que disporán do prazo dunha semana (7 días naturais) dende a data de expedición da tarxeta. Transcorrido o devandito prazo, o dereito á precarga caducará. Tanto o volume de tarxetas indicadas nesta cláusula como o prazo de expedición e o dispoñible para a confirmación da precarga poderán ser modificados mediante acordo unánime da Comisión de Seguimento deste convenio, logo da tramitación contable que, en cada caso, resulte oportuna.

O custe efectivo destas precargas iniciais realizadas por ABANCA, que ascenderá á contía máxima de 1.000.000 €, será dotado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, no exercicio 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.08.02.512A.470.1.

Para os pagamentos das precargas, ABANCA expedirá á Dirección Xeral de Mobilidade unha certificación quincenal das tarxetas precargadas emitidas, cuxa precarga foi aceptada na quincena natural anterior. Xunto coa certificación ABANCA debe remitir un arquivo informático asinado dixitalmente coa relación de tarxetas emitidas, nas que se identifique a numeración da tarxeta, o titular e a data de aceptación da precarga. Con base na información indicada, a Dirección Xeral de Mobilidade tramitará o pagamento mensual das precargas certificadas, e a Xunta de Galicia

efectuará o seu pagamento efectivo a ABANCA no prazo máis breve posible e, en todo caso, no prazo máximo establecido na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais. Respecto da liquidación final correspondente ao último período de reparto de tarxetas inicialmente previsto no convenio (mes de novembro), a certificación de ABANCA e o arquivo electrónico cos datos das tarxetas emitidas e precargas aceptadas será remitido á Dirección Xeral de Mobilidade non máis tarde do 15 de decembro de 2016.

Para o pagamento das 100.000 TMG Xente Nova adquiridas con base neste convenio, ABANCA deberá certificar e xustificar contablemente a dispoñibilidade das referidas Tarxetas Xente Nova para a súa expedición ás persoas usuarias de acordo co indicado neste convenio, así como o prezo aboado por elas á empresa subministradora. Esta xustificación presentarse ante a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda non máis tarde do 31/10/2016.

Terceira.- Xestión da emisión da Tarxeta Metropolitana de Galicia Xente Nova (TMG Xente Nova)

a) Emisión da tarxeta

Poden ser titulares da Tarxeta Metropolitana de Galicia Xente Nova as persoas con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos de idade, inclusive, tendo en conta que cada persoa poderá ser titular dunha única TMG Xente Nova.

A emisión da tarxeta realizarase nas oficinas distribuidoras de TMG de ABANCA relacionadas no anexo a este Convenio, que foron acordadas entre a Consellería e ABANCA. Para organizar a xestión da TMG Xente Nova, ABANCA desenvolverá unha aplicación informática que facilitará ás persoas interesadas a solicitude dunha cita previa para a xestión das altas de tarxetas en calquera das oficinas expendedoras; ademais, para aquelas persoas usuarias que non dispoñan de cita previa, estarán habilitadas as oficinas que se indican igualmente no anexo, nas que poderán obter a TMG Xente Nova de modo presencial. O acceso á aplicación informática de cita previa realizarase mediante un enlace directo dende a páxina web da Xunta de Galicia na que se dea información relacionada coa TMG Xente Nova, para o que a Xunta de Galicia disporá dunha denominación desta páxina web específica de doada identificación. As relacións de oficinas indicadas no anexo anteriormente sinalado poderán ser modificadas mediante acordo adoptado pola Comisión de Seguimento deste convenio.

ABANCA debe comprobar os datos de idade e identidade da persoa que desexe acceder á titularidade dunha TMG Xente Nova, así como que non posúe xa outra TMG Xente Nova previamente expedida. Respecto das persoas menores de idade o contrato irá asinado polo representante legal ou persoa titora.

A documentación que debe achegarse en todo caso, para poder dispoñer da TMG Xente Nova é:

- libro de familia (para o caso de menores de idade).
- DNI ou documentos análogos da persoa representante, no caso de titulares menores de idade.



- DNI, NIF, Pasaporte, NIE, Tarxeta de Residente ou outro documento equivalente da persoa titular da tarxeta que acredite a súa idade e identidade.

ABANCA deberá escanear a documentación achegada e os ficheiros anexos deben estar dispoñibles en formato PDF ou JPG. Esta información será remitida diariamente a partir do mes de outubro de 2016.

ABANCA remitirá diariamente a información relativa á xestión das tarxetas (altas, baixas, substitucións) en formato alfanumérico vía Editran. Esta información será transferida á aplicación Social da Xunta de Galicia.

b) Substitución da tarxeta

As substitucións da tarxeta durante o período de garantía debidas a problemas de funcionamento que non sexan debidas a unha mala utilización ou conservación polas persoas usuarias, serán gratuítas, pero non xerará o dereito á precarga do importe de 20 €, que só procederá na primeira emisión nos termos establecidos neste convenio.

As substitucións da tarxeta que non estean comprendidas na garantía terán un custo de emisión para as persoas usuarias de 2 €, importe que se deducirá da remesa de recargas inmediatamente posterior que por xestión da tarifa Xente Nova realice a Administración cando dita substitución corresponda ao stock de 100.000 tarxetas identificadas en el punto 3 da cláusula segunda precedente.

O saldo existente na tarxeta substituída será transferido á nova TMG Xente Nova do mesmo titular.

c) Expiración da Tarxeta

Toda vez que o titular da TMG Xente Nova cumpra os 19 anos de idade, perderá o dereito a beneficiarse da tarifa para Xente Nova. ABANCA bloqueará a tarxeta para a admisión de calquera recarga que non sexan as remitidas pola Administración. O titular poderá seguir empregando a tarxeta coa tarifa metropolitana ordinaria ata o esgotamento do saldo dispoñible ou transferilo a unha TMG de uso xeral para o seu consumo en transporte. Esta operación só poderá efectuarse respecto da mesma persoa titular e sempre que esta non reúna os requisitos para poder beneficiarse dunha TMG XENTE NOVA. O saldo non pode ser recuperado en efectivo polo seu titular, agás en supostos excepcionais de necesidade económica previamente valorados e autorizados pola Comisión de Seguimento coa exclusión, en calquera caso, do importe de 20 euros inicialmente precargados para o seu consumo exclusivo en transporte.

d) Perda da Tarxeta

A perda da tarxeta polo seu titular supón a perda do saldo existente nela. Será obriga da persoa titular da tarxeta comunicar esta perda á entidade colaboradora para que proceda á súa baixa na

aplicación Xente Nova e, no seu caso, á expedición dunha nova tarxeta consonte co previsto para os supostos de substitución.

Cuarta.- Tarifas aplicables no eido do Plan de Transporte Metropolitano. Bonificacións para a Xente Nova.

1.- En cada momento serán aplicados no eido do Plan de Transporte Metropolitano as tarifas usuario que sexan aprobadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (coa comunicación á comisión de seguimento de cada unha das ATM en vigor). Estas tarifas aparecen publicadas na páxina web do transporte metropolitano: <http://tmg.xunta.gal/politica-tarifaria-introduccion>.

2. Para facer viable a aplicación da tarifa usuario prevista para o colectivo Xente Nova, sobre as tarifas vixentes no eido do PTMG aplicaranse as bonificacións á Xente Nova que en cada caso aprobe a Administración competente na materia. As características previstas inicialmente para esta bonificación aplicable son:

- Persoas con idades comprendidas entre os 4 anos e 18 anos: bonificación do 100% do importe da viaxe, cun máximo de 60 viaxes mensuais.

3.- Quincenalmente procesaranse os datos das viaxes realizadas coas tarxetas dadas de alta na aplicación social co perfil Xente Nova para calcular os datos dos importes a reintegrar que deben operar respecto de cada tarxeta. O proceso de cálculo realizarase o día 1 e o día 16 de cada mes, respecto das viaxes realizadas na primeira quincena e na segunda quincena do mes anterior, respectivamente. Os ficheiros informáticos relativos aos reintegros que procede efectuar respecto de cada TMG Xente Nova serán remitidos a ABANCA. ABANCA debe poñer a disposición dos titulares das tarxetas os importes reintegrados para a súa aceptación nos caixeiros por parte destes o día 5 de cada mes (respecto das viaxes realizadas na primeira quincena do mes anterior) e o día 20 de cada mes (respecto das viaxes realizadas na segunda quincena do mes anterior).

4.- As persoas usuarias dispoñen dun prazo de dous meses para aceptar o reintegro dende a data na que esta se pon á súa disposición. No caso de non aceptar a recarga dentro do devandito prazo, esta recarga caducará e perderán o dereito a percibila. As persoas titulares poden consultar o estado das súas recargas no seguinte enlace: <http://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>. ABANCA remitirá á Xunta de Galicia os ficheiros relativos ás recargas caducadas, a cal minorará o crédito na parte non disposta das liquidacións quincenais inmediatas.

Quinta.- Títulos de viaxe válidos para beneficiarse da tarifa Xente Nova

1.- Para os efectos da aplicación da tarifa Xente Nova só será válido como título da viaxe a Tarxeta Metropolitana de Galicia XENTE NOVA (no convenio tamén denominada TMG XENTE NOVA).

2.- A TMG XENTE NOVA será de uso exclusivo do seu titular, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigado a comunicar á ABANCA a súa perda ou deterioro para proceder á súa anulación ou substitución.

Sexta.- Obrigas asumidas por ABANCA

- 1.- Xestionar as altas, baixas, substitucións e expiracións das TMG XENTE NOVA, previa verificación dos datos relativos á idade e identidade. Cada persoa beneficiaria debe dispoñer dun contrato individual de TMG XENTE NOVA asinado coa entidade bancaria colaboradora. No caso de menores de idade, o contrato será subscrito por algún dos proxenitores ou persoa titora. Os documentos probatorios da idade e identidade deben rexistrarse no apartado habilitado a estes efectos na aplicación social.
- 2.- ABANCA deberá escanear a documentación achegada e os ficheiros anexos deben estar dispoñibles en formato PDF ou JPG.
- 3.- ABANCA remitirá diariamente a información relativa á xestión das tarxetas (altas, baixas e substitucións) en formato alfanumérico vía Editran. Esta información será transferida á aplicación Social da Xunta de Galicia.
- 4.- ABANCA debe remitir a información que identifique todas as precargas das TMG XENTE NOVA (por nova emisión ou reintegro) que permita identificar o seu estado (pendente, caducada, cobrada).
- 5.- ABANCA debe poñer a disposición das persoas titulares das TMG XENTE NOVA os reintegros remitidos pola Administración os días 5 e 20 de cada mes natural.

Sétima.- Obrigas asumidas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (Dirección Xeral de Mobilidade).

Abonar a ABANCA os importes correspondentes as tarxetas adquiridas por esta entidade, así como ás precargas aceptadas polas persoas usuarias, logo de que xustifique a súa adquisición e a aceptación da precarga na forma prevista neste Convenio.

Tramitar os abonos dos importes correspondentes aos reintegros para materializar a tarifa aplicable ao colectivo XENTE NOVA e remitir os ficheiros correspondentes a ABANCA para a súa posta a disposición das persoas titulares da TMG XENTE NOVA.

Promover a utilización da aplicación de cita previa desenvolta por ABANCA, á que se fai referencia na letra a) da cláusula terceira deste Convenio, na publicidade institucional de lanzamento da TMG XENTE NOVA. Igualmente, incluírá na páxina web da Xunta de Galicia referida a esta tarxeta a información destacada referente á indicada aplicación e un enlace directo á mesma.

Oitava.- Crédito e aplicación orzamentaria

As obrigas económicas establecidas con base neste convenio serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.512A.470.1 da Xunta de Galicia.

O compromiso de crédito asumido para a adquisición das TMG XENTE NOVA ascende ao importe de 1.266.200 € (custo de adquisición das 100.000 tarxetas e da precarga de 50.000 destas tarxetas co importe de 20 €).

O compromiso de crédito asumido para a adquisición de TMG xeral ascende ao importe de 47.620 € (custo de adquisición de 50.000 tarxetas).

Xa que logo, o compromiso orzamentario asumido pola Administración Autonómica con base neste convenio ascende á contía de 1.313.820 €.

Para atender as obrigas de reintegro previstas neste convenio para facer viable a tarifa XENTE NOVA vixente en cada momento, existe crédito adecuado e suficiente na aplicación contable de xestión do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia (08.02.512A.470.1).

Novena. Deber de confidencialidade.

As partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades a realizar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Estes datos non poderán ser empregados nin facilitados cunha finalidade distinta da realización das accións establecidas ao seu cargo no presente acordo, nin os poderán comunicar, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 9 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, así como ABANCA deberán adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. En todo caso, as ditas medidas de seguridade que se obrigan a adoptar serán as esixibles, en función da natureza dos datos, de acordo co disposto no Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, aprobado por Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, sen prexuízo da implementación das restantes medidas de seguridade que, no seu caso, resulten preceptivas de acordo coa normativa vixente en cada momento.

Décima. Comisión de seguimento.

Establécese unha comisión mixta de seguimento deste convenio, á que serán sometidas as cuestións que expresamente se prevén no mesmo así como aquelas outras que deriven do desenvolvemento deste acordo aínda que non estean expresamente recollidas nel, así como aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:



- Pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda: a directora xeral de Mobilidade ou a persoa en quen delegue, que a preside.
- Por ABANCA, Jorge Julio Blanco Ledo.
- Actuará como secretario ou secretaria unha ou un funcionario da Dirección Xeral de Mobilidade.

Décimo primeira.- Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicación nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno de Galicia e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. Esténdese un exemplar por triplicado, no lugar e data arriba indicados

Décimo segunda.- Entrada en vigor e vixencia

O presente convenio entra en vigor o día da súa sinatura e estende os seus efectos ata o 31 de decembro de 2017.

O convenio poderá ser prorrogado por acordo da Comisión de Seguimento, polos mesmos prazos polos que a Xunta de Galicia acorde previa ou simultaneamente o mantemento da tarifa de transporte Xente Nova ou, se fose o caso, aquela outra que a substituíse.

Sen prexuízo do anterior, unha vez vencido o prazo de vixencia e, no seu caso, as prórrogas do convenio que procedesen, ABANCA manterá as obrigas de xestión da utilización da TMG Xente Nova en iguais condicións ás previstas para a TMG ordinaria, nos termos do convenio de colaboración asinado o 10 de abril de 2008. Salvo acordo expreso da Comisión de Seguimento deste último convenio, o mantemento destas condicións non suporá a posibilidade de comercializar novas TMG Xente Nova nin de realizar máis recargas nas TMG Xente Nova emitidas previamente que as procedentes da Administración. Neste sentido, máis alá desa data, as partes asinantes manteñen as súas obrigas en relación coa tramitación de recargas derivadas da tarifa xente nova ás que tivesen dereito as persoas titulares da TMG Xente Nova por desprazamentos realizados durante o prazo de vixencia deste convenio.

Aos catro meses de ter expirado o prazo de vixencia do convenio, ABANCA remitirá á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda a liquidación económica do remanente de crédito que, no seu caso, puidese existir derivado de recargas que non fosen finalmente aceptadas polas persoas titulares das tarxetas ou por calquera outro concepto, e este será ingresado na conta xeral da Xunta de Galicia.

E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan este acordo de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda



Helena de Lucas de Santos

Por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

Luis Beraza de Diego

Verónica Vázquez Rodríguez



Anexo. Relación de oficinas de ABANCA nas que se efectuará a emisión das tarxetas, con e sen cita previa

PROVINCIA	OFICINA	DIRECCIÓN	LOCALIDADE
CORUÑA	0000-OP	Cl Rúa Nueva, 30	15003 A Coruña
	0006- Plaza de Lugo	Cl Payo Gómez, 2-4	15004 A Coruña
	0014-Arteixo-Balneario	Avda. Balneario, 51	15142-Arteixo
	0018-Betanzos-San Roque	Cl. Cantón San Roque, 3	15300-Betanzos
	0019- Carballo-V-Parga	Cl. Vázquez de Parga, 15	15100- Carballo
	0029-A Laracha	Avda. de Finisterre, 63	15145-A Laracha
	3106-Carral-Mártires	Avda. Mártires, 31	15175-Carral
	0035-Sada	Pza. Praciña do Conde, 2-3	15160-Sada
	0036- S. Pedro de Nós	Cl. Cuesta de la Tapia, 46-48	15679-O Temple-Cambre
	0044-Abegondo	Lg. San Marcos, 16 Bajo Izquierda	15318-Abegondo
	0045-Bergondo	Lg. Cruce de San Isidro	15165-Bergondo
	0046-O Burgo	Avda. da Coruña, 2	15670-Burgo-Culleredo
	0047- O Temple	Cl. Constitución, 17	15679-O Temple-Cambre
	0048-Cambre	Cl.Parque Iglesia, 1	15660-Cambre
	0051-Oza Dos Ríos	Cl. Castiñeiro, 22 bajo	15388- Oza dos Ríos
	0053-Perillo	Av. Ernesto Che Guevara, 10	15172-Perillo
	0056- Carballo Milagrosa	Av. Milagrosa, s/n	15100-Carballo
	0064-Oleiros	Pza. Rabadeira,12	15173-Oleiros
	0065-Rutis	Avda. Vilaboa, 46 (Rutis)	15174-Vilaboa/Rutis
	0072-Meicende	TR. Meicende, 152 B	15008 Meicende
	0073-Villarodís	Cl. Alc. Manuel Platas Varela, 81	15141-Villarodís-Arteixo
	0087-Miño	Cl. Carreira, 57	15630-Miño
	0088-Mera	Cl. Celso Emilio Ferreiro, 12	15177-Mera-Oleiros
	0705-Carballo- Barcelona	Cl. Barcelona, 11	15100-Carballo
	0712-Santa Cruz	Cl. Viñas Babilonia, 3	15179-Santa Cruz-Oleiros
PROVINCIA	OFICINA	DIRECCIÓN	LOCALIDADE
FERROL	0200-Ferrol OP	Cl. Galiano, 4-6	15402 -Ferrol
	0201-Pontedeume	Cl. Real, 15	15600- Pontedeume
	0202-Xuvia	Cr. Castilla, 906	15570-Xuvia-Narón
	0205-Mugardos	Avda. Galicia, 78	15620-Mugardos
	0206-Ferrol-San Juan	Cr. Castilla, 341-343	15404 Ferrol
	0207-Cedeira	Pza. Galicia s/n	15350-Cedeira
	0208-San Sadurniño	Cr. Ferrol-Oviedo	15560- San Sadurniño
	0209-Fene-Naturales	Avda. Naturales de Fene, 3	15500-Fene
	0211-Ares	Avda. Saavedra Meneses, 38	15624-Ares
	0212-Ferrol-Catabois	Cr. Catabois, 242	15405 Ferrol
	0213-Valdoviño	Cr. Ferrol-Cedeira s/n	15552-Valdoviño
	0215-Ferrol-Capitanía	Cl. Real, 174, esq. San Diego, 10-12	15401-Ferrol
	0216-Neda	Avda. Algeciras, 64	15510-Neda
	0220-A Capela	Lg. As Neves	15613-A Capela
	0221-Ferrol-Ultramar	Cr. Castilla, 80	15404 Ferrol
	0222-Ferrol-Caranza	Pg. Caranza, Cl. Juan de Austria	15406-Ferrol
	0224-San Valentín	Avda. Cooperación, Torre 3	15500-Fene
	0225-Ferrol-Canido	Cl. Vista Alegre, 24-26	15401- Ferrol
	0226-Ferrol Pza Armas	Cl. Real, 73-75	15402 Ferrol
	0227-Freixeiro	Cr. Castilla, 417-419	15572-Freixeiro-Narón
	0233-Ferrol Fajardo	Cr. Castilla, 219-221	15404-Ferrol
	0238-A Gándara	Cl. Vigo,37 Esq. Cr. La Gándara	15578-A Gándara-Narón
	0239- Ferrol-Esteiro	Avda. Esteiro, 21-23	15403-Ferrol
	0240-Santa Cecilia	Avda. Santa Cecilia, 101	15570- Santa Cecilia-Narón



PROVINCIA	OFICINA	DIRECCIÓN	LOCALIDADE
SANTIAGO	0024-Curtis	Avda. Principal, 36	15310- Curtis
	0049-Cerceda	Avda. Galicia, 16-18	15185- Cerceda
	0081-Teixeiro	Avda. Dr. Martínez Pardo, 55	15310- Teixeira -Curtis
	0300-Santiago OP	Cl. Montero Ríos, 7	15706 Santiago de Compostela
	0304-Padrón	Cl. Real, 21	15900-Padrón
	0305-Negreira	Cl. Cachurra, 15	15830-Negreira
	0307-Ordes	Cl. Alfonso Senra, 104	15680-Ordes
	0314-Rosalía de Castro	Cl. Rosalía de Castro, 89	15706- Santiago de Compostela
	0315-Bembibre	Cl. Arcay, 110-B	15873 Bembibre-Val Dubra
	0316-Santiago Casas Reales	Cl. Casas Reals, 44	15704- Santiago
	0317-Bertamiráns	Avda. Mahía, 68	15220 Bertamiráns-Ames
	0319-Santiago-Huérfanas	Cl. Huérfanas, 9	15703- Santiago
	0320-Lestedo	Cr. Santiago-Ourense	15881 Lestedo-Boqueixón
	0321-Touro	Avda. Castela, s/n	15822 Touro
	0326-A Baña	Lg. San Vicente	15863- A Baña
	0327-Brion	Lg. Alqueidón-Urb. Monte Balado	15865-Brion
	0328-Rois	Cr. Padrón-Noya Samil	15911-Rois
	0330-Vedra	Lg. Santa Cruz de Rivadulla	15885 Vedra
	0331-Trazo	Cr. Gral, 25- Lg. Víaño Pequeño	15687 Trazo
	0335-Sigueiro	Avda. Compostela, 3	15688-Sigueiro- Oroso
	0337-Arca	Avda. de Lugo,16	15821 Arca- O Pino
	0341-Santiago Pza Roxa	Pza. Roxa, 5	15701-Santiago de Compostela
	0342-Pastoriza	Cl. Pastoriza, 23	15704 Santiago de Compostela
	0343-Santiago Vista Alegre	Cl. Vista Alegre, 106	15705 Santiago de Compostela
	0345-Calo	Cl. Casalonga, 13	15886 Calo-Teo
	0348-Santiago Concheiros	Cl. Concheiros, 64	15703 Santiago de Compostela
	0349-Santiago Restollal	Cl. Pajonal, 79	15702 Santiago de Compostela
	0369-Arzúa	Pza Galicia, 1	15810-Arzúa
	0372-Santiago-Ros.Salvado	Cl. Fray Rosendo Salvado	15701- Santiago
	0375-República Argentina	Cl. República Argentina, 12	15701 Santiago de Compostela
	0376-Santiago Rosa	Cl. La Rosa, 33, Esquina Santiago de Chile	15701 Santiago de Compostela
	0380-Milladoiro	Avda. Rosalía de Castro, 16	15895 Milladoiro-Ames
	0382-Ordes-Recreo	Cl. Do Recreo, 21	15680-Ordes
	0386-Santiago -Pg Tambre	Pg. Tambre, Vía Edison, Crto. Cívico	15890 Santiago de Compostela
	0392- Santiago-Fontiñas 71	Travesía Fontiñas, 71-73	15703 Santiago de Compostela
	0394-Santiago Área Central	Pg. Fontiñas, Área Central, Local 18 C-D	15703 Santiago de Compostela
	0396-Santiago -Av Ferrol	Avda. Ferrol, 38	15706 Santiago de Compostela
	0719-Cacheiras	Ed. Os Muíños B-J, Local 3A	15886 Cacheiras-Teo
	5155-Santiago-Hórreo	Cl. Horreo, 19	15702 Santiago de Compostela
PROVINCIA	OFICINA	DIRECCIÓN	LOCALIDADE
LUGO	0101-Pza. Santo Domingo	Plaza Santo Domingo, 16	27001- Lugo
	0111-Castro Ribeiras Lea	Cl. García Abad, 6	27260- Castro Ribeiras Lea - Castro Rei - Lugo
	0112-Castroverde	Cl. Rosalía de Castro, 59	27120 Castroverde - Lugo
	0120-Friol	Avda. La Coruña, 1	27220 Friol - Lugo
	0123-Guntín	Cl. Ourense s/n	27211 Guntín - Lugo
	0139-Rábade	Cl. Gabriela Nieto Chaín, 1	27370 Rábade - Lugo
	0152-Lugo	Plaza de España, 16	27001 Lugo
	0156-O Corgo	Cr. Nacional VI, Km. 487,8	27163 O Corgo - Lugo
	0163-Lugo -Montevideo	Cl. Montevideo, 6	27001 Lugo
	0175-O Cádavo	Pz. Lugo s/n	27130-Baleira
	5152-Lugo Progreso	Cl. Progreso, 20	27001 Lugo



PROVINCIA	OFICINA	DIRECCIÓN	LOCALIDADE
PONTEVEDRA	0506-Estrada-J.Martínez	Cl. Justo Martínez, 8	36380-A Estrada
	0577-Salceda de Caselas	Cl. Victoriano Pérez Vidal, 1	36470-Salceda de Caselas
	5000-Vigo OP	Avda. García Barbón, 1	36201 Vigo
	5010-Aldan	Cl. San Cibrán, 17	36945-Aldan-Cangas
	5012-Arcade	Av. Xosé Solla, 1	36690 Arcade-Soutomaior
	5015-Baiona	Cl. Carabela la Pinta, 10	36300-Baiona
	5022-Cangas E.Sequeiros	Av.Eugenio Sequeiros, 13	36940-Cangas
	5030-Chapela	Av. Vigo, 222	36320 Chapela-Redondela
	5031-Estrada Calvo Sotelo	Cl. Calvo Sotelo, 9	36680 Estrada
	5033-Fornelos de Montes	Pza. La Iglesia, 17	36847 Fornelos de Montes
	5047-Moaña Concepción Arenal	Cl. Concepción Arenal, 170	36950-Moaña
	5052-Nigrán	Av. Val Miñor, 1	36350 Nigrán
	5054- O Porriño- R Glez	Cl. Ramón González, 19	36400 O Porriño
	5059-Redondela-Ribadavia	Pza. Ribadavia, 2	36800 Redondela
	5072-Sabaris	Cl. Julian Valverde, 1	36993-Sabaris-Baiona
	5078-Cesantes	Cl. Alto Do Tras, 23	36693 Cesantes-Redondela
	5079-Cangas-Coiro	Av. Ourense, 27	36.947-Coiro- Cangas
	5092-Puxeiros	Av. Puxeiros, 52	36416 Puxeiros -Mos
	5102-Domaio	Cl. Palmas, 85	36.957 Domaio-Moaña
	5114-Panxón	Cl. Mariñeiro, 1	36340 Panxón- Nigrán
	5115-Salvaterra de Miño	Cl. Do Miño, 17	36450 Salvaterra do Miño
	5118-Hio	Lg. Iglesario, 57	36.948 Hio-Cangas
	5205-A Ramallosa	Cl. Manuel Lemos, 1	36379 A Ramallosa-Nigrán
	5209- Redondela-Alameda	Cl. Alfonso XII, 1	36800 Redondela
	5529-Moaña-R Cabanillas	Cl. Ramón Cabanillas, 1	36950 Moaña
	5071- Vila de Cruces	Cl. Vázquez, 12	36590 Vila de Cruces

